



ANUNCIO

O Concello de Fene por Decreto da Alcaldía nº 1176/2024 de data 11 de setembro de 2024 aprobou as seguintes bases:

BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR DO PROXECTO DE OBRADOIRO EMPREGO DE GARANTÍA XUVENIL "INICIA VIII" PROMOVIDO POLOS CONCELLOS DE FENE,ARES,CABANAS E MUGARDOS

1.- Obxecto da convocatoria e principios de actuación

A través do procedemento de selección que se sinala nestas bases e de conformidade co disposto na lei 5/2015 de 30 de outubro do Estatuto Básico do Empregado público, a lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, a lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia, e demais disposicións de pertinente aplicación, o obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal do persoal alumnado traballador para levar a cabo o desenvolvemento do obradoiro de emprego que terá unha duración de 12 meses e formará 16 alumnos/as-traballadores/as coa seguinte distribución por concellos tal e como figura no "Convenio de colaboración para a realización do programa de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe), dos concellos de Fene-Ares-Mugardos-Cabanás" asinado en data 15 de marzo de 2024:

Concello de Fene: 7 alumnos/as

Concello de Ares: 4 alumnos/as

Concello de Mugardos: 3 alumnos/as

Concello de Cabanas: 2 alumnos/as

A selección do alumnado traballador participante no proxecto que se vai poñer en funcionamento será realizada pola entidade promotora mediante un procedemento específico atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

O órgano de selección do proceso actuará sempre de acordo as principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación.

2.- Publicidade do proceso

As presentes bases reguladoras do proceso de selección do persoal unha vez aprobadas pola entidade promotora expóñense ao público no taboleiro de anuncios do Concello de Fene e na páxina web do Concello de Fene (<https://fene.gal>), así como nos taboleiros e webs dos concellos de Ares, Cabanas e Mugardos. Ademais, enviaranse á oficina de emprego e tamén serán remitidas á Xefatura Territorial correspondente.

Todas as fases do proceso se darán a coñecer no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Fene, así como nos taboleiros e nas páxinas web dos concellos de Ares, Cabanas e Mugardos.

Publicarase un anuncio para a apertura do proceso no BOP

Rematado o procedemento de selección a entidade promotora remitirá á oficina de emprego á listaxe do alumnado traballador xunto coa documentación acreditativa de que as persoas seleccionadas cumpren cos requisitos para poder participar no proxecto. Se algunha persoa do alumnado traballador proposto non cumprira os ditos requisitos a oficina de emprego comunicarllo ao Concello de Fene para que poida ser substituído/a pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

3.- Requisitos comúns das persoas aspirantes

Para tomar parte neste proceso selectivo toda persoa aspirante deberá reunir os seguintes requisitos:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.gal>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza do Alcalde Ramón José Souto González, s/n.- Tfno.: 981 49 27 07 / Fax: 981 49 27 88 – 15500 – FENE



a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia (LEPGA), permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación exixida ou estar en condicións de a obter.

c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter 18 anos ou máis de idade e menos de 30.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

4.- Órgano de selección

O Tribunal cualificador terá como función a valoración de méritos alegados polos/as aspirantes e será designado pola alcaldía ou persoa en quen delegue, axustándose á seguinte composición:

- 1 Presidenta/e (titular e suplente): Un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para cuxo ingreso se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- 3 Vogais (titulares e suplentes): Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a un corpo ou escala para cuxo ingreso se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- 1 Secretaria/o (titular e suplente): unha/un funcionaria/o de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para cuxo ingreso se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándoo ao Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Igualmente, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da lei 40/2015.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza de, polo menos, tres membros titulares ou suplentes; debendo estar presentes en todo caso o presidente/a e o/a secretario/a. De tódalas reunións do tribunal o/a secretario/a redactará a correspondente acta, que se asinará por todos.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.



Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas en que así coiden necesario ou conveniente. As persoas asesoras limitaranse ao exercicio das súas especialidades técnicas, en base exclusivamente ás cales colaborarán co respectivo Tribunal.

Os membros do Tribunal que asistan ás sesións do mesmo, percibirán dietas pola súa asistencia na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

Para os efectos do percibo de indemnizacións en concepto de asistencias o tribunal entenderase encadrado na categoría primeira, segundo establece o RD 462/2002, do 24 de maio.

5.- Listaxes de reserva

Rematado o proceso selectivo, a entidade promotora elaborará unha listaxe de reserva, integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás do/a proposto/a para ocupar a praza obxecto da convocatoria, segundo se indica nos respectivos apartados destas bases. No suposto de que a de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, iniciárase un novo procedemento de selección, de conformidade co previsto nestas instrucións.

6.- Selección do alumnado -traballador:

- Modalidade, período de contratación e retribucións

a) O alumnado traballador será contratado por un período de 12 meses a xornada completa (40 horas), baixo a modalidade de contrato de formación en alternancia, de acordo co disposto no apartado 1 da disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, modificado polo Real Decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente (salario mínimo interprofesional).

b) Horario de mañá, 8 horas diarias de luns a venres.

- Requisitos específicos:

a) Ter 18 anos ou máis de idade e menos de 30

b) Situación laboral: Persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia de conformidade co disposto no artigo 90.1.a) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

c) Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro emprego de garantía xuvenil, desde a súa incorporación ao proxecto, de acordo co previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, modificado polo Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo. (Anexo IV).

e) Cumprir un dos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os ditos certificados:

- Estar en posesión do Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.
- Estar en posesión do Certificado de profesionalidade de nivel 2.
- Estar en posesión do Certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional.



- Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao medio ou ben superar as correspondentes probas de acceso reguladas polas administracións educativas.
- Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- Ter superado as competencias clave correspondentes.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

No caso de que a persoa candidata participara con anterioridade noutro programa ou obradoiro dual de emprego, **non** poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado profesional, con independencia de que rematase o obradoiro anterior co resultado de apto ou non (art. 2. 4 da Orde do 07/02/2024, DOG núm 39 do 23/02/2024).

- Proceso de preselección:

O Concello de Fene é o órgano responsable de tramitar unha oferta de emprego pola especialidade no Servizo Público de Emprego de Galicia (SEPG), para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas a través do órgano de selección.

Parámetros da oferta:

Sistema de selección: Baremo de criterios obxectivos previa oferta de emprego público específica na oficina de emprego

Localidades: ámbito dos concellos de Fene, Mugardos, Ares e Cabanas.

Idade mínima: 18 anos.

Situación laboral: Persoas desempregadas inscritas e en situación de beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia de conformidade co disposto no artigo 90.1.a) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Candidaturas: 3 por praza, sempre que sexa posible.

No caso de que a persoa candidata participara con anterioridade noutro programa ou obradoiro dual de emprego, **non** poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado profesional, con independencia de que rematase o obradoiro anterior co resultado de apto ou non (art. 12. 3 da Orde do 07/02/2024, DOG núm 39 do 23/02/2024).

- Admisión dos aspirantes:

Unha vez recibida a relación de candidatos/as, o Alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección e a hora e lugar para a súa constitución.

O órgano de selección elaborará a listaxe definitiva de persoas admitidas ao proceso selectivo. O número máximo de candidatos/as a seleccionar será determinado tamén polo órgano de selección, debendo ser o mínimo (de ser posible) tres por praza. O dito listado será aprobado por Resolución de Alcaldía e se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Fene e na páxina web do concello de Fene (<https://fene.gal>), así como nos taboleiros e nas webs dos concellos de Ares, Cabanas e Mugardos e no mesmo se lles comunicará aos candidatos/as o prazo para presentar a documentación que se lles requira nas presentes bases (Ver Anexo II).

- Selección definitiva dos candidatos/as:

As persoas que non presenten a documentación en prazo decaerán no seu dereito a seguir participando no proceso de selección.



A selección definitiva das 16 persoas como alumnado-traballador será efectuada polo órgano de selección, que aplicará o baremo establecido no Anexo I, por medio do que serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego.

Os casos de empate resolveranse aplicando a seguinte orde de prelación:

- a) Non ter participado nunca nun Obradoiro de Emprego
- b) A menor cualificación profesional.
- c) Maior tempo acreditado como persoa demandante de emprego.
- d) A idade, tendo preferencia a persoa maior.

- Puntuacións finais. Contratación como alumnos/as- traballadores/as:

O órgano de selección procederá a establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento. As ditas puntuacións virán dadas pola suma dos puntos acadados e determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta para a súa posterior contratación como alumno/a- traballador/a pola entidade promotora.

Elaboraranse catro listaxes, unha por cada concello, e, de producirse baixas ou renuncias, recorrerase á listaxe do concello correspondente. De non haber substituto/a, procederase por orde de puntuación e empregando os criterios para dirimir os posibles empates.

Estas listaxes publicaranse na páxina web do Concello de Fene (<https://fene.gal>) e no taboleiro de anuncios do Concello de Fene e na web e taboleiros dos concellos de Ares, Cabanas e Mugardos.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días naturais, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita listaxe no taboleiro de anuncios do Concello de Fene para presentar as reclamacións e emendas que estimen oportunas en relación coa baremación.

Resoltas as posibles alegacións e emendas ou transcorrido o prazo sen terse presentado ningunha, o tribunal fará públicas no taboleiro de anuncios do Concello de Fene e na páxina web a listaxe definitiva de persoas aspirantes que tiveran superado o proceso sen obter praza coa puntuación obtida por orde de maior a menor xunto coa relación definitiva da/s persoa/s aspirante/s aprobada/s tamén pola orde da puntuación obtida.

Así mesmo, esta relación de persoa/s aprobada/s presentarase ao señor alcalde coa proposta para a súa contratación. O órgano de selección non poderá aprobar nin incluír na proposta de nomeamento un número superior de persoas aspirantes ao de prazas que se convocaran, resultando nulo de pleno dereito calquera acordo que contraviñese o disposto por esta norma.

Elaborada a listaxe de alumno/as traballadores/as propostos o Concello de Fene deberá remitila á correspondente oficina de emprego que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proceso. Se algún do/as alumno/as proposto/as non cumprira ditos requisitos a oficina de emprego comunicarállo o Concello de Fene para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

Co obxecto de subscribir o correspondente contrato laboral, os/as aspirantes propostos/as, achegarán no prazo de tres (3) días naturais, contados a partir da publicación da relación definitiva do/as aspirantes aprobado/as no Taboleiro de anuncios do Concello de Fene, a seguinte documentación:

a) Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do Servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.



b) Declaración responsable de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

c) Certificación médica ou informe de saúde actualizado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo ao que aspira, expedido por facultativo competente.

Aportada a documentación esixida nesta base e acreditados a totalidade dos requisitos, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo no prazo que se lle indique.

Non obstante, a non presentación en prazo da documentación esixida nesta Base e agás os casos de forza maior, ou cando do exame da mesma e/ou do recoñecemento médico, dedúzase que carecen dalgún dos requisitos, non poderán ser nomeados e quedarán anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

ANEXO I

PROCESO SELECTIVO DO ALUMNADO TRABALLADOR

- REQUISITOS:

Detalle dos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os certificados de profesionalidade do programa:

- Especialidade de Fabricación e montaxe de instalacións de Tubaxe industrial, nivel 2 (FMEC0108):

- Estar en posesión do Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.
- Estar en posesión do Certificado de profesionalidade de nivel 2.
- Estar en posesión do Certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional.
- Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao medio ou ben superar as correspondentes probas de acceso reguladas polas administracións educativas.
- Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- Ter superado as competencias clave correspondentes.

BAREMO SELECCIÓN ALUMNADO -TRABALLADOR

PUNTUACIÓN TOTAL DO PROCESO SELECTIVO: 21 PUNTOS.

CRITERIOS		PUNTOS
1.- Ter planificado no seu Itinerario Profesional de Inserción (IPI) a súa participación nestes programas		4
2.- Persoas beneficiarias que non recibiran previamente atención polo sistema		3
3.- Discapacidade \geq 33%		1
4.- Idade	> 24 ata < 30 anos	4
	> 22 ata 24 anos	3
	> 20 ata 22 anos	2
	De 18 ata 20 anos	1
5.-Experiencia laboral	Ningunha	3

6 / 11

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.gal>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza do Alcalde Ramón José Souto González, s/n.- Tfno.: 981 49 27 07 / Fax: 981 49 27 88 – 15500 – FENE

C.I.F.: P-1503600 -G



	Ata 12 meses	2
	≥ 12 meses	1
6.-Tempo de desemprego	Mais de 18 meses	3
	De 12 a 18 meses	2
	Menos de 12 meses	1
7.- Nivel de cualificación profesional (máximo)	Baixa (que non posúan un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de F.P. ou titulación universitaria)	3
	Media (que posúan un carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou FP ciclo medio)	2
	Alta (que posúan certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	1

Quen non aporte ningún documento referido a os puntos anteriores para a súa baremación se lle adxudicará 0 puntos nese apartado.

Quedarán excluídas do proceso de selección, incluso no caso de ser elixidas, aquelas persoas das que se detectara que aportaran como xustificantes calquera tipo de documentación que non reflecta a súa situación no momento de presentación da documentación para a súa baremación.

Ademais o tribunal cualificador poderá excluír do proceso selectivo quen tivera participado anteriormente noutro obradoiro ou programa de emprego no mesmo certificado de profesionalidade, con independencia de que rematase o obradoiro anterior co resultado de apto ou non apto (art. 12. 3 da Orde do 07/02/2024, DOG núm 39 do 23/02/2024).

Na listaxe final publicitarase as/os traballadoras/es propostos para a contratación e suplentes que accederán as vacantes que poidan xurdir. A orde de colocación das/os aspirantes na lista definitiva de aprobadas/os estableceráse de maior a menor puntuación.

Unha vez elaborada a listaxe de alumnos/ traballadores/as propostos polo tribunal cualificador remitirase á oficina de emprego para que verifique que cumpren con todos os requisitos para poder participar no proxecto, segundo o disposto nas "Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e dos obradoiros duais de emprego. Convocatoria 2024-2025" da Dirección Xeral de Formación e cualificación para o emprego, de data 18/07/2024.

C.I.F.: P-1503600 -G



ANEXO I I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO DE GARANTÍA XUVENIL "INICIA VIII"

D/Dna _____ con DI núm. _____ e con domicilio en _____
C.P. _____, teléfono _____, correo electrónico _____

MANIFESTA:

- Que coñece e acepta as bases que van rexer o proceso de selección do alumnado- traballador do Obradoiro de emprego de garantía xuvenil "INICIA VIII"
- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección
- Que está inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia e dispoñible para o emprego
- Que achega a seguinte documentación que acredita as situacións que se baremarán:

- Copia do DI ou equivalente
- Xustificante de participación en Itinerario Personalizado de Inserción (IPI)
- Declaración responsable de non ter recibido atención polo sistema de garantía xuvenil (Anexo III), de ser o caso
- Xustificante de ter unha discapacidade igual ou superior ao 33%
- Informe de vida laboral
- Copia do informe de períodos de inscrición no Servizo Público de Emprego de Galiza (SPEG)
- Titulación académica

Por todo o exposto,

SOLICITA que se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido/a no proceso selectivo de alumno/a traballador/a

En _____, _____ de _____ de 2024

Asdo.: _____

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE FENE



ANEXO III: DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dña.....co DI/NIE:....., estando interesado/a en participar no obradoiro de emprego INICIA VIII, dirixido a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil,

DECLARO RESPONSABLEMENTE

Que non recibín previamente ningunha atención polo Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

E para que conste asino esta declaración,

En,de.....de 2024

O/A alumno/a

Sinatura

C I F : P - 1503600 - G



ANEXO IV: REQUISITOS DO CONTRATO DE FORMACIÓN EN ALTERNANCIA

Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Artigo 11. *Contratos formativos.*

2. O contrato para a formación e a aprendizaxe terá por obxecto a cualificación profesional dos traballadores nun réxime de alternancia de actividade laboral retribuída nunha empresa con actividade formativa recibida no marco do sistema de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

O contrato para a formación e a aprendizaxe rexeráse polas seguintes regras:

a) Poderase subscribir con traballadores maiores de dezaseis e menores de vinte e cinco anos que carezan da cualificación profesional recoñecida polo sistema de formación profesional para o emprego ou polo sistema educativo requirida para concertar un contrato en prácticas. Poderanse acoller a esta modalidade contractual os traballadores que cursen formación profesional do sistema educativo.

O límite máximo de idade non será de aplicación cando o contrato se concerta con persoas con discapacidade nin cos colectivos en situación de exclusión social previstos na Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, nos casos en que sexan contratados por parte de empresas de inserción que estean cualificadas e activas no rexistro administrativo correspondente.

b) A duración mínima do contrato será dun ano e a máxima, de tres. Non obstante, mediante convenio colectivo poderanse establecer distintas duracións do contrato, en función das necesidades organizativas ou produtivas das empresas, sen que a duración mínima poida ser inferior a seis meses nin a máxima superior a tres anos.

En caso de que o contrato se concertase por unha duración inferior á máxima legal ou convencionalmente establecida, poderase prorrogar mediante acordo das partes, até por dúas veces, sen que a duración de cada prórroga poida ser inferior a seis meses e sen que a duración total do contrato poida exceder a dita duración máxima.

As situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante a lactación e paternidade interromperán o cómputo da duración do contrato.

c) Unha vez expirada a duración do contrato para a formación e a aprendizaxe, o traballador non poderá ser contratado baixo esta modalidade pola mesma ou distinta empresa, salvo que a formación inherente ao novo contrato teña por obxecto a obtención de distinta cualificación profesional.

Non se poderán subscribir contratos para a formación e a aprendizaxe cando o posto de traballo correspondente ao contrato fose desempeñado con anterioridade polo traballador na mesma empresa por tempo superior a doce meses.

d) O traballador deberá recibir a formación inherente ao contrato para a formación e a aprendizaxe directamente nun centro formativo da rede a que se refire a disposición adicional quinta da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, previamente recoñecido para isto polo Sistema nacional de emprego. Non obstante, tamén poderá recibir a dita formación na propia empresa cando esta dispoña das instalacións e o persoal adecuados para os efectos da acreditación da competencia ou cualificación profesional a que se refire a letra e), sen prexuízo da necesidade, se for o caso, da realización de períodos de formación complementarios nos centros da rede mencionada.

A actividade laboral desempeñada polo traballador na empresa deberá estar relacionada coas actividades formativas. A impartición desta formación deberase xustificar no momento da finalización do contrato.

Desenvolverase regulamentariamente o sistema de impartición e as características da formación dos traballadores nos centros formativos e nas empresas, así como o seu recoñecemento, nun réxime de alternancia co traballo efectivo para favorecer unha maior relación entre este e a formación e a aprendizaxe do traballador. As actividades formativas poderán incluír formación complementaria non referida ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais para se adaptar tanto ás necesidades dos traballadores como das empresas.

10 / 11

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.gal>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza do Alcalde Ramón José Souto González, s/n.- Tfno.: 981 49 27 07 / Fax: 981 49 27 88 – 15500 – FENE

C.I.F.: P-1503600 -G



Así mesmo, serán obxecto de desenvolvemento regulamentario os aspectos relacionados co financiamento da actividade formativa.

e) A cualificación ou competencia profesional adquirida a través do contrato para a formación e a aprendizaxe será obxecto de acreditación nos termos previstos na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, e na súa normativa de desenvolvemento. Conforme o establecido na dita regulación, o traballador poderá solicitar da Administración pública competente a expedición do correspondente certificado de profesionalidade, título de formación profesional ou, se for o caso, acreditación parcial acumulable.

f) O tempo de traballo efectivo, que deberá ser compatible co tempo dedicado ás actividades formativas, non poderá ser superior ao setenta e cinco por cento, durante o primeiro ano, ou ao oitenta e cinco por cento, durante o segundo e terceiro ano, da xornada máxima prevista no convenio colectivo ou, na súa falta, da xornada máxima legal. Os traballadores non poderán realizar horas extraordinarias, salvo no suposto previsto no artigo 35.3. Tampouco poderán realizar traballos nocturnos nin traballo a quendas.

g) A retribución do traballador contratado para a formación e a aprendizaxe fixarase en proporción ao tempo de traballo efectivo, de acordo co establecido en convenio colectivo.

En ningún caso a retribución poderá ser inferior ao salario mínimo interprofesional en proporción ao tempo de traballo efectivo.

h) A acción protectora da Seguridade Social do traballador contratado para a formación e a aprendizaxe comprenderá todas as continxencias protexibles e prestacións, incluído o desemprego. Así mesmo, terase dereito á cobertura do Fondo de Garantía Salarial.

i) No suposto de que o traballador continúe na empresa ao termo do contrato, observarase o establecido no número 1.f).

Disposición adicional segunda. *Contratos para a formación e a aprendizaxe.*

1. O límite de idade e de duración para os contratos para a formación e a aprendizaxe establecidos nas letras a) e b) do artigo 11.2 non será de aplicación cando se subscriban no marco dos programas públicos de emprego e formación contidos no texto refundido da Lei de emprego.

Así mesmo, nestes contratos as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante a lactación e paternidade non interromperán o cómputo da duración do contrato.

2. A acción protectora da Seguridade Social nos contratos para a formación e a aprendizaxe subscritos con alumnos traballadores nos programas de escolas taller, casas de oficios e talleres de emprego comprenderá as mesmas continxencias, situacións protexibles e prestacións que para o resto de traballadores contratados baixo esta modalidade, tal e como establecen o artigo 11.2.h) e o texto refundido da Lei xeral da seguridade social, a excepción do desemprego.

C.I.F.: P-1503600 -G